

BANDO DA TARXETA CIDADÁ

O Concello de Lugo, dentro do proceso progresivo de modernización tecnolóxica que iniciou no ano 2000, segue a poñer a disposición da cidadanía instrumentos que faciliten e axilicen as súas xestións con esta entidade local. É por iso polo que o Concello, nese intento de achegarse máis aos veciños e veciñas de Lugo, e a aquelas persoas que só residen temporalmente aquí ou están en tránsito, vai proceder á posta en marcha da **tarxeta cidadá**.

Á vista da experiencia acadada nestes dez anos transcorridos dende a entrada en funcionamento da tarxeta de transporte mediante tecnoloxía chip, é desexo deste goberno municipal incrementar as súas funcionalidades e substituír a dita tarxeta por unha nova que se denomina **tarxeta cidadá**, documento que irá converténdose nunha chave que lle permita á persoa titular resolver xestións e facer uso de moitos servizos municipais de xeito rápido e sinxelo.

Así, tanto pode empregarse para aboar o autobús como para acreditarse nas instalacións deportivas municipais ou para o pagamento da ORA e, incluso, será compatible e interoperable co transporte metropolitano de Galicia.

Esta tarxeta polivalente, de uso exclusivamente persoal e intransferible, vaise converter nun instrumento útil tanto para a identificación da persoa titular en determinados servizos e trámites municipais, coma naquéloutros que se habiliten no futuro.

A **tarxeta cidadá** será tramitada polo Servizo de Transportes, que se encargará da súa planificación, posta en marcha e continuación das tarefas asociadas á súa xestión integral conforme aos procedementos que se establezan.

É por iso polo que, a partir da publicación deste bando, se regula o procedemento para a solicitude, expedición e uso da **tarxeta cidadá**:

1. Ámbito territorial

A tarxeta ten validez no municipio de Lugo, e acreditará a persoa titular para utilizar os servizos solicitados de conformidade coas normas específicas que rexan en cada un destes.

2. Titulares

2.1. Poderán ser titulares da **tarxeta cidadá** todas as persoas físicas empadroadas no municipio de Lugo que desexen utilizar os servizos incorporados a esta.

2.2. Así mesmo, poderán ser titulares da tarxeta cidadá todas as persoas físicas que, non figurando inscritas no padrón de habitantes, desexen utilizar

algún dos servizos incorporados a esta, para os que non sexa requisito imprescindible o empadroamento no Concello.

2.3. Tamén poderán ser titulares da **tarxeta cidadá** persoas xurídicas legalmente constituídas.

3. Servizos recoñecidos

3.1. Considérase servizo recoñecido aquel servizo municipal que permita o uso da tarxeta como medio de identificación ou pagamento.

3.2. A tarxeta é un medio para acceder aos servizos recoñecidos, os cales se regulan por disposicións e normas específicas.

3.3. O Concello de Lugo poderá incorporar novos servizos recoñecidos ou modificar os existentes.

4. Expedición

4.1. A tarxeta expedirase unha vez realizados os trámites administrativos e técnicos necesarios.

4.2. A solicitude deberá realizala a persoa interesada ou por medio de representación legal debidamente acreditada nas oficinas habilitadas para a xestión da **tarxeta cidadá**, sitas na planta baixa do edificio da Policía Local, sito na praza da Constitución, s/n, en horario de atención ao público.

4.3. A persoa usuaria deberá manifestar na solicitude de tarxeta os servizos que desexa que se lle recoñezan, e deberá cumprir os requisitos específicos para cada unha delas.

4.4. Os prexuízos derivados de declaracións incorrectas ou inexactas na solicitude da tarxeta son responsabilidade da persoa interesada, e serán imputables a esta as falsidades nas que poida incorrer.

5. Acreditación

5.1. As persoas solicitantes deberán acreditar a súa identidade mediante a fotocopia do DNI, tarxeta de residencia ou pasaporte, tanto na solicitude coma na retirada da tarxeta, así como na reposición, renovación ou incorporación de novos servizos.

5.2. Documento que acredite a representación que alega, achegando DNI, CIF ou documento que o substitúa e copia do da persoa representada.

5.3. No suposto de menores de idade e de persoas incapacitadas xudicialmente, a solicitude de adhesión, renovación ou incorporación de novos servizos será subscrita por quen, baixo a súa responsabilidade, declare ser o seu

representante legal e acredite a condición de menor ou incapaz da persoa representada.

6. Renovación e substitución

6.1. A tarxeta non ten data de caducidade, porén o Concello de Lugo resérvase o dereito de establecer esta caducidade tras informar ao público usuario.

6.2. No suposto de deterioración da tarxeta, que dificulte ou impida o seu uso, a persoa usuaria deberá comunicarllo á oficina de xestión da tarxeta e formular solicitude de reposición, á que deberá achegar a tarxeta obxecto de substitución.

6.3. Nos supostos de extravío ou subtracción da tarxeta, a persoa titular deberá comunicalo na oficina de xestión, o cal supoñerá a automática invalidación desta, imposibilitando o seu uso fraudulento.

6.4. O Concello de Lugo non asumirá ningunha responsabilidade, directa ou subsidiaria, derivada do uso da tarxeta nos supostos de subtracción ou roubo.

6.5. A reposición dunha tarxeta como consecuencia do seu extravío, subtracción ou deterioración debido a un uso non axeitado desta, terá un prezo conforme ao establecido na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

6.6. Incorporaráselle á nova tarxeta todos os servizos existentes na substituída no momento da súa invalidación. Os saldos poderán ser traspasados sempre e cando se faga entrega da tarxeta anterior.

6.7. A reexpedición dunha tarxeta implicará a anulación da anterior.

7. Recarga e incorporación de novos servizos

7.1. Para que a tarxeta resulte operativa, para os efectos dos servizos que comporten unha contraprestación económica, a persoa interesada deberá proceder á súa recarga na contía correspondente na rede dos caixeiros establecidos para os efectos.

7.2. Quen sexa titular da tarxeta poderá solicitar a incorporación de novos servizos na oficina de xestión da tarxeta, mediante instancia normalizada, sempre e cando reúna os requisitos específicos para os servizos solicitados.

8. Características da tarxeta

8.1. A tarxeta está composta por dous moedeiros electrónicos diferenciados e incorporados no plástico, e que permite a quen sexa titular efectuar o pagamento de determinados servizos municipais:

O moedeiro de transporte dedicarase ao pagamento dos billetes de autobús urbano e do transporte metropolitano.

O moedeiro municipal dedicarase ao aboamento dos demais servizos recoñecidos que o Concello incorpore en cada momento.

8.2. A tarxeta axustarase aos seguintes requisitos técnicos:

- Tarxeta intelixente dual (interface con e sen contactos) multiaplicación.
- Tamaño: ID1.
- Interface sen contactos conforme a ISO-14443B (13.56MHz).
- Interface con contactos conforme a ISO-7816B 1/2/3/4/5.

8.3. A tarxeta estará personalizada co nome e número do documento de identificación da persoa titular.

9. Condicións de uso da tarxeta

9.1. A tarxeta é persoal e intransferible e só poderá ser utilizada pola súa persoa titular.

9.2. O uso da tarxeta implica a aceptación pola persoa titular das condicións particulares que se regulan en cada un dos servizos recoñecidos.

9.3. É obriga da persoa titular da tarxeta o mantemento e coidado desta nas condicións de limpeza e estado que comporte en todo instante a visibilidade dos datos específicos que leve inscritos. Non serán válidas as tarxetas ilexibles nalgúns dos seus datos fundamentais.

9.4. O Concello poderá cancelar a tarxeta ou o uso dalgún dos servizos recoñecidos, tras avisar á persoa titular, se as condicións que propiciaron a súa expedición non se cumpren nos termos establecidos no momento da emisión.

10. Confidencialidade

10.1. Os datos que figuran na solicitude da tarxeta serán incorporados a un ficheiro automatizado de datos de titularidade pública e destino municipal, cuxa finalidade sexa permitir a emisión, mantemento, utilización, actualización e revogación da dita tarxeta.

10.2. A persoa titular poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos que figuren no ficheiro de datos ante o persoal da oficina de xestión da tarxeta.

11. Acceso ás bases de datos municipais

Os sistemas de información destinados á xestión da tarxeta cidadá poderán acceder a outras bases de datos, co obxecto de simplificar o procedemento de solicitude e comprobar a exactitude dos datos facilitados pola persoa interesada; no caso de que da comprobación efectuada resultase algunha discordancia cos datos facilitados pola persoa interesada, realizaranse as actuacións procedentes para aclarala.

Disposición transitoria

1. Podese solicitar a nova tarxeta dende o 1 de abril de 2011.
2. As tarxetas xa emitidas ou as que se continúen a expedir polo sistema anterior (tarxetas de transporte) seguirán tendo validez en tanto non se proceda á súa substitución pola **tarxeta cidadá**.
3. Mantense en vigor o bando da Alcaldía de 2002 en canto á regulación do sistema de pagamento dos títulos de transporte.

Lugo, 31 de marzo de 2011
O ALCALDE

Asdo: José Clemente López Orozco